



AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS PARA AS ELECCIÓN GALEGAS 2024

Petición					
<p>Redución das emisións brutas de gases de efecto invernadoiro de polo menos -65% en 2030 con respecto a 1990.</p>	<p>Non asume ningún obxectivo de redución das emisións para 2030. Na lexislatura actual, o PP prometeu desde a Xunta o -55%, mais non o plasmou nunha actualización da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050, nin tampouco no borrador de anteproxecto de Lei do Clima sometido a consulta pública.</p>	<p>Non establece obxectivos de redución das emisións. A única referencia ao respecto está no apartado de descarbonización da frota pesqueira, que afirma que se debe adaptar a unha redución do 55% para 2030.</p>	<p>Non se explicitan obxectivos. As emisións en xeral só se mencionan dentro dunha nota xenérica sobre ecoeficiencia: <i>“Apoiaremos o redeseño de procesos ecoeficientes orientados a minimizar o consumo de recursos e emisións, a través do uso de fontes de enerxía renovables e implantación das mellores técnicas dispoñibles.”</i></p>	<p>O obxectivo para 2030 queda en 55% : <i>“redución de emisións do 55 % para 2030 en comparación con 1990”.</i></p>	<p>Refírese só as emisións de dióxido de carbono, comprometéndose a reducilas <i>“á metade nunha década”</i>. Supondo que sexa sobre o nivel actual (2021), implicaría unha diminución do 70% en 2034 con respecto a 1990.</p>

<p>Neutralidade climática (emisións netas cero) antes de 2040</p>	<p>Porén, presenta o obxectivo de acadar a neutralidade climática “<i>en 2040</i>” como xa recollido na Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050, o que non é certo, pois atrasa a neutralidade climática a 2050, “<i>a máis tardar</i>”.</p>	<p>Non menciona a neutralidade climática.</p>	<p>Non menciona a neutralidade climática.</p>	<p>Explicita o compromiso de atinxir “<i>emisións netas cero para 2040</i>”.</p>	<p>A redución das emisións de dióxido de carbono coas que se compromete para 2040 (-90%) implicaría seguramente o logro da neutralidade climática en 2040 ou antes.</p>
<p>Produción eléctrica 100% renovábel antes de 2030.</p>	<p>Non recolle ningún obxectivo, tampouco o formulado na Axenda enerxética de Galicia 2030, aprobada nesta lexislatura (85%). Hai compromisos vagos de apoiar o autoconsumo, “<i>continuar a promover o desenvolvemento ordenado e sostible das enerxías renovables</i>” ou impulsar a eólica mariña.</p>	<p>Sen obxectivos de ningún tipo. Propón cuestións moi xenéricas. Limitase a mencionar a elaboración dun mapa de necesidades e ordenación enerxética como instrumento de planificación, un novo plan eólico e a promoción do autoconsumo e comunidades enerxéticas. Rexeita a eólica mariña.</p>	<p>Non establece obxectivos nen prazos. Afirma que “<i>impulsaremos un proxecto económico e industrial para Galicia coa enerxía verde como un dos puntais estratéxicos.</i>” Aborda a produción eólica e solar desde o punto de vista de minimizar os impactos e repartir os beneficios, pero non se establecen obxectivos para reducir o noso consumo de enerxía fósil.</p>	<p>Afirma que “<i>Buscaremos a electrificación mediante enerxía 100% renovable como obxectivo final</i>”, sen marcar unha data obxectivo para acadar unha produción eléctrica 100% renovábel.</p>	<p>Non define un horizonte para atinxir unha xeración eléctrica 100% renovábel, nin para 2030 nin para outro ano. Propón potenciar o autoconsumo enerxético, a reversión das centrais hidroeléctricas a mans públicas ao rematar as concesións e un novo Plan Eólico Galego.</p>

<p>Peche das centrais de ciclo combinado (gas fósil) das Pontes (Endesa) e Sabón (Naturgy) antes de 2030.</p>	<p>Sen referencias a estas centrais eléctricas.</p>	<p>Sen mencións a estas instalacións.</p>	<p>Sen mencións á produción eléctrica con gas fósil.</p>	<p>Sen mencións ás centrais de ciclo combinado. Refírese ás Pontes e Cerceda-Meirama como áreas axeitadas para o seu plan “Galicia recupera” de minaría urbana.</p>	<p>Non se refire ás dúas centrais de ciclo combinado galegas. Con todo, defende o peche da regasificadora de Mugardos, o que comprometería a subministración de gas fósil a estas centrais, conectadas por gasoduto á regasificadora.</p>
<p>Peche da regasificadora de Mugardos antes de 2030</p>	<p>Non se menciona esta industria, a principal vía de entrada de gas fósil en Galicia.</p>	<p>Sen mencións.</p>	<p>Sen mencións.</p>	<p>Sen mencións.</p>	<p>Comprométese a garantir o “<i>respecto á legalidade vixente</i>”, o que implicaría o peche de Reganosa e “<i>a retirada das instalacións situadas na ría de Ferrol</i>”.</p>
<p>Abandono inmediato por parte da Xunta do accionariado de Reganosa.</p>	<p>Non hai mencións a esta empresa.</p>	<p>Ningunha mención a Reganosa.</p>	<p>Ningunha mención a Reganosa.</p>	<p>Ningunha mención a Reganosa.</p>	<p>Mais defende o peche da súa regasificadora de Mugardos.</p>

<p>Abandono do gas fósil en todos os usos antes de 2035.</p>	<p>Sen referencias a este combustíbel fósil. En xeral, non se propón un horizonte para o abandono dos combustíbeis fósiles. Neste sentido, só se promete un “<i>novo plan de incentivos á descarbonización</i>”.</p>	<p>Ningunha mención ao gas fósil. Ningunha medida concreta para o abandono dos combustíbeis fósiles, máis alá de mencionar que a economía débese adaptar a un futuro sen eles con fitos en materia de descarbonización.</p>	<p>Ningunha mención ao gas fósil.</p>	<p>Non inclúe referencias ao gas fósil, pero incorpora un punto sobre o abandono dos combustíbeis fósiles en xeral: <i>“Electrificaremos a nosa demanda como medio de abandono dos combustibles fósiles e a enerxía de fontes contaminantes. Mediante a enerxía eléctrica, Galicia poderá ser autosuficiente en recursos enerxéticos cando a substitución do petróleo nos medios de transporte e no ámbito doméstico se faga efectiva.”</i></p>	<p>O gas fósil non se menciona</p>
<p>Oposición ás importacións de gas fósil de “fracking” ou que contribúa ao financiamento de conflitos bélicos.</p>	<p>Ningunha referencia sobre as nosas importacións de gas fósil.</p>	<p>Ningunha mención ás importacións de combustíbeis fósiles.</p>	<p>Ningunha mención ás importacións de combustíbeis fósiles</p>	<p>Ningunha mención ás importacións de combustíbeis fósiles</p>	<p>Recoñece que “somos deficitarios en enerxía primaria” mais non defende ningunha restrición nas importacións.</p>

<p>Oposición ao hidroduto Guitiriz-Zamora e, en xeral, á exportación masiva de hidróxeno verde e derivados (metanol, amoníaco).</p>	<p>Compromiso forte coa produción de hidróxeno verde para situar a Galicia <i>“como un dos nós a nivel europeo”</i>, <i>“reivindicando que Galicia estea conectada co corredor europeo de hidróxeno”</i>, función que tería o hidroduto Guitiriz-Zamora impulsado por Reganosa e Enagás.</p>	<p>Ningunha mención nin ao hidroduto nin ao hidróxeno verde.</p>	<p>Non se posiciona sobre o hidroduto, aínda que o ten apoiado publicamente. Porén, a aposta polo hidróxeno está enfocada nos usos locais que non se poden electrificar: <i>“Apostamos decididamente polo hidróxeno verde como un vector enerxético de futuro que atraerá industria limpa, principalmente aquela que non se pode electrificar, e que impulsará a fixación de industria en Galicia.”</i></p>	<p>Ningunha mención nin ao hidroduto nin ao hidróxeno verde.</p>	<p>Sen referencias ao hidroduto Guitiriz-Zamora, que se integraría co proxecto H2 Med. A finalidade deste hidroduto sería favorecer a exportación cara ao norte de Europa de hidróxeno producido con electricidade renovábel en Galicia.</p>
--	--	--	---	--	--